

Expediente Nº: 2021/TRIBUNAL/000001

**ANUNCIO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA CUBRIR UNHA PRAZA DE TÉCNICO SUPERIOR DE MANTEMENTO DE ESPAZOS PÚBLICOS (QUENDA LIBRE) INCLUÍDA NA OEP DO ANO 2020**

O Tribunal cualificador do proceso selectivo sinalado, en sesión de 27 de abril de 2021, adoptou o seguinte acordo:

“(…)

**ELABORACIÓN DE PROPOSTA DE LISTA DE RESERVA.-** O Tribunal cualificador, seguindo as instrucións recollidas na base 22 das bases xerais que rexen a convocatoria, elabora a proposta da lista de reserva nos seguintes termos:

Nas quendas libres os opositores que superen algún dos exercicios da oposición, inclúiranse, de oficio, nas listas de reserva para cubrir necesidades de emprego de carácter interino ou temporal. Asemade, poderán ser chamados nos mesmos termos para prover temporalmente postos reservados ao persoal laboral, cando o seu grupo, categorías e funcións sexan as mesmas. Non obstante non poderán formar parte destas listas de reserva os aspirantes que, ademais de non achegar na súa solicitude de participación á praza correspondente a acreditación do nivel de Celga esixido, non obtivesen a puntuación mínima requirida para superar o exercicio sobre coñecemento do idioma galego.

De conformidade co arriba exposto, exclúese da lista de reserva o aspirante Jose Magdalena Nogueira ao non achegar coa solicitude de participación deste proceso selectivo dunha praza de Técnico superior de mantemento de espazos públicos incluída na oferta de emprego público de 2020, a acreditación do Celga esixido para dita praza ademais de non participar no cuarto exercicio sobre o coñecemento do idioma galego ao decaer do proceso selectivo na terceira proba, e consecuentemente resultou eliminado, nese momento, do proceso selectivo.

(…)

LISTA DE RESERVA

ORDE	NOME E APELIDOS	1º EXERCICIO	2º EXERCICIO	3º EXERCICIO	4º EXERCICIO	5º EXERCICIO	6º EXERCICIO	TOTAL
1	INÉS MERA RICO	4,93	APTA	6,00	2,865	10,60	2,55	26,945

(…)

ORDE	NOME E APELIDOS	1º EXERCICIO	2º EXERCICIO	TOTAL
2	CARLOS SOBRINO SUAREZ	6,00	APTO	6,00
3	LUIS RODRÍGUEZ FERRO	5,33	APTO	5,33

Á vista do disposto na base 22 das xerais da convocatoria, o Tribunal acorda remitir a proposta de lista de reserva definitiva ao departamento de persoal para a súa aprobación mediante resolución da Concelleira delegada da área de persoal e cultura”

**RÉXIME DE RECURSOS.-** Contra as resolucións do Tribunal e os seus actos de trámite cualificados como son as asignacións de puntuacións ou a proposta de nomeamento, poderase interpoñer, para esgotar a vía administrativa, o recurso de alzada ante a autoridade que o nomeou (Concelleira do servizo de persoal e cultura), no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de edictos, consonte ao establecido no artigo 121 e seguintes das Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo das administracións públicas.

No obstante, os/as interesados/as tamén poderán interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente consonte a dereito.

A secretaria do Tribunal na data da sinatura electrónica.